

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 15 DE MARZO DE 2007,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Decreto polo que se modifica a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- Decreto polo que se crea o centro de día de maiores de Volta do Castro no concello de Santiago de Compostela (A Coruña).

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Decreto polo que se aproba o programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para 2007.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, de educación.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Decreto polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxico (IEBT).

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración para subscribir entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Cruz Vermella de Galicia, para a execución dun programa de acompañamento a persoas sen teito.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza o gasto, de carácter plurianual, para o financiamento das axudas ao abeiro da resolución da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores pola que se aproban as das bases reguladoras de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior por organizacións non gobernamentais de cooperación ao desenvolvemento e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2007.
- Acordo polo que se autoriza o gasto, de carácter plurianual, para o financiamento das axudas ao abeiro da resolución da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores pola que se aproban as das bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2007.
- Acordo polo que se aproba a proposta do Plan anual de cooperación para o desenvolvemento 2007.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela, para o desenvolvemento de actuacións, acollida, información, orientación e asesoramento sociolaboral para o exercicio 2007.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de tres millóns novecientos seis mil euros cento doce euros con setenta e cinco euros (3.906.112,75 €), correspondente á obra de adaptación da estrada AC-240, treito: Fonte Díaz-A Ponte Ulla, ao Plan de baixa IMD.



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello de Boiro para o proxecto de construción de sendas peonís nas marxes da AC-305. Treito: I A Ponte Beluso á ponte de Brea e treito: II ponte de Brea a Vilariño.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello de Guitiriz para a construción dun paseo peonil na marxe dereita da estrada LU-242.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a Consellería de Innovación e Industria da Comunidade Autónoma de Galicia e a Mancomunidade Terras de Pontevedra para a dinamización de produto turístico dos concellos de Pontevedra, Marín, Poio, Ponte Caldelas, Vilaboa, Cotobade, Barro e Campo Lameiro, a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Pontevedra e a “Asociación de Turismo da Comarca de Pontevedra” para o desenvolvemento do Plan de dinamización do produto turístico Terras de Pontevedra.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a tramitación do expediente de gasto para a contratación do servizo mínimo de seis helicópteros, con destino á prevención e extinción de incendios forestais durante os anos 2007, 2008 e 2009.
- Acordo polo que se lles conceden subvencións aos consellos reguladores das denominacións de calidade pata financiar os seus gastos de funcionamento.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Universidade de Santiago de Compostela para desenvolver un banco de xermoplasma da flora ameazada de Galicia por importe de corenta e catro mil euros (44.000 €).

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para establecer anticipos de ata o 50% na orde pola que se convocan, para o ano 2007, axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a aprobación definitiva do proxecto sectorial do parque empresarial de Xinzo de Limia.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE MODIFICA A ESTRUCTURA ORGÁNICA DA VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR E SE CREA A SUBDIRECCIÓN XERAL DE PROXECTOS E OBRAS

- Esta modificación da estrutura orgánica da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar xustifícase polo incremento da carga de traballo no Servizo de Supervisión de Proxectos que, polo de agora, era o departamento responsable destas tarefas

A Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar vén de crear a Subdirección Xeral de Proxectos e Obras logo de que o Consello aprobara un decreto polo que se modifica a estrutura orgánica deste departamento autonómico.

A Subdirección Xeral de Proxectos e Obras encargárase da supervisión, dirección e control dos proxectos de obras e das obras en que participe a Vicepresidencia e da súa execución material e asesorará os concellos para que aquelas obras que financia a Vicepresidencia se axusten á legalidade e á normativa vixente.

Esta subdirección xeral encargárase ademais de desenvolver as funcións das oficinas de supervisión dos proxectos das obras que realice a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, así como o seu seguimento. Esta nova unidade administrativa tamén certificará a adecuación da execución final dos proxectos de obra ás instrucións, obxectivos e directrices sinalados pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e prestará apoio e asesoramento técnico, no ámbito das súas funcións, ao resto das unidades administrativas do devandito departamento, fundamentalmente á Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Centros.

Coa modificación do decreto aprobado polo Consello da Xunta, suprímese o Servizo de Supervisión de Proxectos e créase unha nova unidade administrativa con rango de subdirección xeral. A creación desta unidade ven motivada polo progresivo incremento da carga de traballo e responsabilidade que viña asumindo o xa extinguido Servizo de Supervisión de Proxectos.

A RESIDENCIA VOLTA DO CASTRO ALBERGARÁ UN CENTRO DE DÍA QUE ATENDERÁ 40 MAIORES DA COMARCA COMPOSTELANA

- Estará situado na planta baixa da residencia de maiores de Volta do Castro
- A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar amplía así o proxecto inicial que só incluía a posta en marcha da residencia

A Xunta vai por en marcha un novo centro de día en Santiago de Compostela, o de Volta do Castro, que atenderá 40 maiores dependentes da comarca. O Goberno galego deu luz verde á creación deste centro na súa reunión de hoxe. Estará situado nas dependencias da residencia de maiores que leva o mesmo nome. A dotación desta nova infraestrutura supón ampliar o proxecto inicial que só prevía a construción dunha residencia para a terceira idade.

A Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar prevé sacar a concurso a dotación do equipamento para o centro antes de que acabe o mes, conxuntamente co da residencia de maiores. Ademais a relación dos postos de traballo xa recibiu o informe favorable da Dirección Xeral de Calidade dependente da Consellería de Presidencia e segue adiante coa súa tramitación ordinaria.

O Centro de Día de Volta do Castro, de carácter público, terá capacidade para atender a 40 maiores. Situarase na planta baixa da residencia de maiores que leva o mesmo nome e ocupará unha superficie de case 200 metros cadrados, repartidos entre o comedor, sala polivalente, sala de descanso e dous aseos adaptados para persoas dependentes.

Este centro intégrase na rede de centros de día que está a por en marcha a Xunta co fin de proporcionarlles uns servizos aos maiores que lles permitan unha maior autonomía persoal así como un maior benestar social. Preténdense ademais favorecer a permanencia destas persoas no seu contorno o maior tempo posible.

En toda a comunidade prevese a construción de 45 novos centros (32 deles serán centros de día, 12 miniresidencias e 1 vivenda comunitaria) cun importe de 4.564.033 euros. Ademais reformaranse 10 centros de día, 1 residencia e 1 vivenda comunitaria e ampliaranse 2 centros de día, cun importe de 1.012.175 euros.

Desde a Xunta tamén se financiará, con 608.052 euros, o equipamento de 16 centros de día, 2 residencias e 1 vivenda comunitaria. Finalmente, destinaranse 129.217 euros á adquisición de inmobles para a construción dun centro de día e unha miniresidencia. Esta primeira fase da Rede Galega de Centros de Día prevese que entre en funcionamento -de xeito paulatino- entre finais de 2007 e principios de 2008.

XUNTA E CRUZ VERMELLA COLABORARÁN NUN PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO E APOIO A PERSOAS SEN TEITO

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura desta colaboración, na cal a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar inviste 335.342 euros

O Goberno galego, na súa xuntanza desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio entre a Vicepresidencia e a Cruz Vermella Española en Galicia para a execución no 2007 dun programa de acompañamento e apoio a persoas sen teito. O obxecto desta iniciativa é establecer un marco de colaboración para procurar a integración na sociedade das persoas que non teñen fogar ou transeúntes, nel teñen cabida distintas formas de intervención destinadas a minimizar os danos asociados á situación persoal deste colectivo, así como a reducir as situacións de exclusión social coa integración na sociedade e a procura dun xeito de vida normalizado.

Para a realización das actividades obxecto do convenio, a Vicepresidencia achegará a cantidade de 335.342 euros, que están cofinanciados polo Fondo Social Europeo. O plan está destinado a todas aquelas persoas que carezan de residencia ou domicilio estable e se atopen en situación sociofamiliar vulnerable, sen ingresos e, en resumo, en situación de exclusión, e desenvolverase a través dos servizos sociais existentes nos termos municipais da Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Santiago de Compostela, así como dos equipos de intervención creados para tal fin. O obxectivo xeral desta colaboración é a incorporación social das persoas sen fogar, mediante accións que aborden os distintos ámbitos de intervención e asegurar a coordinación dos servizos sociais e as administracións competentes nesta materia.

A intervención consistirá no desenvolvemento, tanto na rúa como nos albergues e demais servizos de acollida, de accións en distintas liñas. En primeiro lugar, traballarase para detectar patoloxías mentais, alcoholismo e outras adicións, así como para lograr o desenvolvemento de competencias persoais, sociais e laborais que favorezan o proceso de inserción individual. Ademais, o programa centrarase tamén en informar e derivar os usuarios cara aos servizos pertinentes e brindaralles asesoramento legal.

O convenio que asinarán a Vicepresidencia e a Cruz Vermella enmárcase dentro das accións deseñadas dentro do II Plan Galego de Inclusión Social. De acordo coa Enquisa sobre persoas sen fogar do INE recollidas no estudo sobre a pobreza e a exclusión social en Galicia que vén de presentar a Secretaría Xeral do Benestar, unhas 1.500 persoas sen fogar acudiron a algún dos centros tanto públicos coma privados que ofrecen servizos de aloxamento ou restauración nos concellos galegos no 2004. Destas persoas, o 90% foron homes, e case dous terzos tiñan entre 30 e 45 anos.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE A NOVA ESTRUCTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA

- A Secretaría Xeral asume as competencias en materia de asociacións da Dirección Xeral de Interior
- A Dirección Xeral da Función Pública elaborará as propostas de RPT das cales antes se ocupaba a Dirección Xeral de Calidade
- Dentro da Dirección Xeral de Calidade créase a Subdirección Xeral de Modernización Administrativa que asumirá as competencias en materia de atención ao cidadán e rexistros que antes desenvolvía a Secretaría Xeral
- Mantense sen cambios a Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias e a Dirección Xeral de Xustiza

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se establece a nova estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. A nova estrutura obedece ao desenvolvemento práctico das competencias atribuídas aos distintos centros directivos que fai conveniente a introdución de diversas modificacións. As variacións que se producen nas distintas unidades administrativas afectan cinco centros directivos: Secretaría Xeral, Dirección Xeral da Función Pública, Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas, Dirección Xeral de Protección Civil e Dirección Xeral de Administración Local. Mantense sen cambios a Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias e a Dirección Xeral de Xustiza.

Secretaría Xeral

A Secretaría Xeral pasa a estruturarse nas seguintes unidades: Vicesecretaría Xeral, Subdirección Xeral de Servizos Comúns (antes de Servizos Xerais), Subdirección Xeral de Xestión Económica e Persoal e Subdirección Xeral de Contratación.

O mais salientable é a asunción por parte da Vicesecretaría Xeral das competencias que lle correspondían á Dirección Xeral de Interior en materia de asociacións que se van sumar ás que xa tiña atribuídas en materia de fundacións. En concreto, serán asumidas polo Servizo de Apoio á Administración Institucional e Corporativa (antigo Servizo de Apoio Técnico-Administrativo) que se ocupará da tramitación dos expedientes de inscrición de asociacións, fundacións, academias e colexios profesionais; os rexistros de asociacións e de fundacións; a execución das funcións en materia de colexios profesionais, etc. Ademais a Vicesecretaría Xeral pasa a acoller o Servizo do Rexistro Xeral (antes Servizo de Rexistro), o que motiva o seu cambio de localización, pasa a situarse na Vicesecretaría Xeral.

Dentro da Subdirección Xeral de Servizos Comúns, suprímese o Servizo Médico que se incorpora ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais con competencia relativa á actividade asistencial a través do servizo médico, tanto de continxencias comúns

como laborais, que se produzan no lugar de traballo. O Servizo de Parque Móbil elimina a xefatura de servizo nesta unidade polo que pasa denominarse Parque Móbil

Dentro da Subdirección Xeral de Contratación, suprímese a Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán e Rexistros cuxas competencias asumirá a Dirección Xeral de Calidade (a través da Subdirección Xeral de Modernización Administrativa). Encargarase do sistema de información administrativa e atención ao cidadán por ser unha materia intimamente ligada ás novas tecnoloxías da información e da comunicación e á calidade nos servizos.

Dirección Xeral da Función Pública

A Dirección Xeral da Función Pública conta, no novo decreto, coas seguintes unidades administrativas: Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais; Subdirección Xeral de Xestión, Programación e Ordenación de Persoal; Subdirección Xeral de Provisión de Postos de Traballo e Selección de Persoal e Servizo de Actualización de Datos do Persoal.

Dentro da Subdirección Xeral de Xestión, Programación e Ordenación de Persoal créase o Servizo de Programación e Ordenación de Persoal. Este cambio xustifícase pola asunción de competencias por parte desta dirección xeral doutras que viñan sendo desenvolvidas pola Dirección Xeral de Calidade, como a elaboración das propostas de RPT e as súas modificacións.

Doutra banda, a creación da Subdirección Xeral de Provisión de Postos e Selección de Persoal escinde o anterior Servizo de Selección e Provisión de Postos en dúas unidades distintas: Servizo de Selección e Servizo de Provisión que xestionarán os procesos de provisión de postos de traballo e de selección, tanto do persoal funcionario como do laboral.

Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas

A Dirección Xeral de Calidade contará cos equipos de auditores e analistas de xestión e calidade, a Subdirección Xeral de Modernización Administrativa, Subdirección Xeral de Infraestruturas Informáticas e de Telecomunicacións, Subdirección Xeral de Servizos Informáticos e de Telecomunicacións, Servizo de Xestión Económica e Contratación e Servizo de Administración Electrónica.

Os cambios para destacar son os que se producen nas seguintes unidades administrativas: dentro da Subdirección Xeral de Infraestruturas Informáticas e de Telecomunicacións créase o Servizo de Infraestruturas Informáticas e Servizo de Infraestruturas de Telecomunicacións. Pola súa parte, a Subdirección Xeral de Servizos Informáticos e de Telecomunicacións crea o Servizo de Desenvolvemento Web, o Servizo de Desenvolvemento de Aplicacións de Infraestrutura e o Servizo de

Arquitectura Tecnolóxica. Por último, o Servizo de Administración Electrónica, que dependía desta unidade, pasa a depender directamente do director xeral.

Dirección Xeral de Interior

A Dirección Xeral de Interior acollerá a Subdirección Xeral de Xogo e Espectáculos Públicos e a Subdirección Xeral de Seguridade e Réxime Interior.

A Subdirección Xeral de Xogo, Asociacións e Espectáculos Públicos pasa a denominarse Subdirección Xeral de Xogo e Espectáculos Públicos, por canto as competencias relativas á materia de asociacións son asumidas pola Secretaría Xeral, como xa se explicou. Deste xeito, asumirá a realización de tarefas relativas á elaboración de informes e estudos encamiñados á elaboración dos anteproxectos de disposicións xerais das materias propias da subdirección a través do Servizo de Espectáculos e Desenvolvemento Normativo (antes, Servizo de Asociacións e Espectáculos).

Dirección Xeral de Protección Civil

A Dirección Xeral de Protección Civil incluírá a Subdirección Xeral de Análise e Xestión de Riscos e Subdirección Xeral de Emerxencias e Calidade de Protección Civil.

A Subdirección Xeral de Avaliación e Planificación da Prevención de Riscos pasa a denominarse Subdirección Xeral de Análise e Xestión de Riscos xa que desenvolverá competencias referidas á avaliación e prevención, pero tamén abranguerá o fomento, impulso, coordinación, etc. Dependendo desta subdirección créase o Servizo de Loxística e Tecnoloxía de Emerxencias que xestionará a información precisa para comunicar grupos de xente dispersa e diminuír o tempo de resposta ás emerxencias, controlar os medios empregados para asegurar a súa funcionalidade e garantir a súa renovación para asegurar o uso das mellores ferramentas dispoñibles para a protección dos cidadáns.

A Subdirección Xeral de Atención ás Emerxencias e Calidade da Protección Civil pasa a denominarse Subdirección Xeral de Emerxencias e Calidade de Protección Civil para axustarse mellor as súas competencias: dirección técnica do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia, fomento e impulso de protocolos e acordos de colaboración con organismos e entidades que participen en emerxencias xunto con este centro, etc. Dentro desta unidade, o Servizo de Detección e Atención ás Emerxencias 112 Galicia pasa a denominarse Servizo de Xestión do Sistema de Resposta ás Emerxencias, un nome máis axeitado as súas competencias: xestión económica e administrativa do sistema de resposta; das infraestruturas, equipamentos e sistemas de comunicación e informáticos da dirección xeral e do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia, etc.



Dirección Xeral de Administración Local

A Dirección Xeral de Administración Local incluírá a Subdirección Xeral de Xestión e Cooperación Económica coas Entidades Locais (antes Subdirección Xeral de Xestión, Cooperación e Réxime Xurídico) e a Subdirección Xeral de Relacións Xurídico-Administrativas coas Entidades Locais e Desenvolvemento Normativo.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROGRAMA ESTATÍSTICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA PARA O ANO 2007

- O sistema estatístico de Galicia abordará novas estatísticas relacionadas coa formación, o emprego, as empresas e o ambiente
- Inclúirá análises sobre as listas de espera, información sobre condutas de risco ou indicadores ambientais, entre outros

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá o decreto polo que se aproba o Programa estatístico anual de Galicia para o ano 2007. O Programa estatístico da Xunta para este ano pretende levar a cabo a determinación e a elaboración da oferta estatística da comunidade autónoma, así como a redacción dos proxectos técnicos de operacións estatísticas novas. Neste marco, os proxectos máis relevantes son aqueles relacionados coa sanidade, a inserción e a formación laboral, o ambiente, o benestar, as empresas e o uso do galego.

Entre as operacións que se comezarán a deseñar neste programa atópanse algunhas como análise das listas de espera, sistemas de información sobre condutas de risco, indicadores ambientais ou a enquisa anual ás empresas. No ámbito das operacións de carácter estatístico que xa se atopan consolidadas, O Instituto Galego de Estatística (IGE) abordará no 2007, contas económicas anuais e trimestrais, enquisa de condicións de vida ou o marco input-output. Por outra banda, as distintas consellerías realizarán operacións sectoriais, entre as que podemos destacar conxunto mínimo básico de datos hospitalarios, datos estatísticos do sistema educativo ou superficies agrícolas.

Por outro lado, o IGE realizará en colaboración coas distintas consellerías os proxectos da enquisa aos demandantes de emprego, o sistema de indicadores de I+D+i, enquisa da poboación inmigrante e estatísticas sobre as prácticas lingüísticas da poboación en Galicia. Os proxectos da "Enquisa social. Fogares e sustentabilidade" realizarase en colaboración co INE e as demais Comunidades Autónomas; e o Panel de inserción laboral dos titulados do sistema universitario galego levarase a cabo en colaboración coa Axencia de Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG).

Lei do Plan Galego de Estatística 2007-2011

A nova Lei do Plan Galego de Estatística 2007-2011 aprobada o pasado mes de decembro é un instrumento de ordenación e planificación da actividade estatística da Comunidade Autónoma de Galicia. Por este motivo, inclúe unha planificación por obxectivos que permite a creación, organización e difusión do coñecemento estatístico acorde coas necesidades das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e dos cidadáns en xeral. A lei recolle obxectivos informativos, organizativos e instrumentais.



Cos obxectivos informativos, preténdese dar resposta ás necesidades do conxunto da sociedade galega en ámbitos como o desenvolvemento ou o benestar, así como, mellorar a información referente ao territorio, o ambiente ou a demografía. Tamén se persegue analizar diferentes ámbitos sociais e condicións de vida e progresar, así mesmo, no coñecemento e estudo do mercado de traballo e das súas tendencias. No eido económico, o obxectivo é a consolidación do coñecemento da estrutura produtiva a ampliación de toda a aquela información referida á ciencia e á tecnoloxía.



O NOVO DECRETO DE ADMISIÓN DE ALUMNOS POTENCIA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE A COMUNIDADE ESCOLAR GALEGA

- Educación reservará ata o final do prazo de matrícula un máximo do quince por cento das prazas dos centros públicos e concertados para alumnado con necesidade específica de apoio educativo
- A normativa aprobada hoxe polo Consello da Xunta establece como criterios baremables o domicilio laboral e a familia numerosa

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Esta normativa establece que todo o alumnado ten dereito a unha praza escolar que lle garanta a educación obrigatoria e gratuíta, así como a un posto gratuíto no segundo ciclo da educación infantil. Así, en aplicación da LOE, e coa finalidade de asegurar a calidade educativa para todos, a cohesión social e a igualdade de oportunidades garante unha adecuada e equilibrada escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo; así como a escolarización do alumnado de incorporación tardía.

Este decreto establece que, para ser admitido nun centro docente, o alumnado deberá reunir os requisitos de idade e, de ser o caso, os requisitos académicos exixidos polo ordenamento xurídico vixente, para o nivel educativo e curso ao cal se pretende acceder. Ademais, unha vez admitido un alumno ou alumna nun centro docente público ou concertado, queda garantida a súa permanencia nel ata a finalización das ensinanzas sostidas con fondos públicos que o centro estea autorizado a impartir.

A solicitude de posto escolar será única para unhas mesmas ensinanzas, irá dirixida á Dirección do centro, no caso dos centros públicos, e ao titular, no caso dos concertados, e presentarse no centro en que o solicitante pretende ser admitido. Na solicitude poderán relacionarse outros centros, por orde de preferencia, que serán considerados posteriormente, no caso de que o interesado non sexa admitido no centro o que vai dirixida a solicitude.

Segundo o decreto aprobado hoxe, naqueles centros sostidos con fondos públicos onde houbese suficientes prazas dispoñibles para atender a totalidade das solicitudes, serán admitidos todos os alumnos e as alumnas que cumpran os requisitos de idade e académicos exixidos. Igualmente, nos procedementos de admisión de alumnado en centros que impartan educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou bacharelato, cando non existan prazas suficientes, terán prioridade aqueles alumnos ou alumnas que procedan dos centros de educación infantil, primaria ou ESO, respectivamente, que teñan adscritos.



Criterios prioritarios

Naqueles centros sostidos con fondos públicos onde non existan prazas suficientes para atender todas as solicitudes, adxudicadas, de ser o caso, as prazas ao alumnado procedente dos centros a que estean adscritos, o proceso de admisión rexeráse polos seguintes criterios prioritarios: proximidade do domicilio familiar ou do lugar de traballo do pai, nai ou quen teña a custodia legalmente atribuída, ou dos alumnos ou alumnas maiores de idade ou menores emancipados; existencia de irmáns matriculados no centro ou pais, nais ou titores legais que traballen nel; e rendas anuais da unidade familiar, atendendo ás especificidades que para o seu cálculo se aplican ás familias numerosas.

No mesmo sentido, terase en conta a concorrencia de discapacidade no alumno ou alumna, ou no seu pai, nai, titor legal ou nalgún irmán; a condición de familia numerosa; e, para as ensinanzas de bacharelato, o expediente académico do alumno ou alumna.

Así, por un irmán matriculado no centro, outorgarase un total de 5 puntos e outros 2 puntos polo segundo e por cada un dos seguintes irmáns matriculados nel. No tocante á valoración por ser traballador do propio centro, este decreto establece que será de 5 puntos e non será acumulable no suposto de que ambos os dous pais, ou titores legais, traballen no mesmo centro. A valoración da proximidade do domicilio familiar dos alumnos ou das alumnas ao centro realizarase, segundo este decreto, aplicando un baremo que determina un total de puntos en función de se o domicilio familiar se encontra na área de influencia do centro (5 puntos); se atopa nas áreas limítrofes á súa área de influencia (2 puntos); ou se está situado noutras áreas (0 puntos).

No mesmo sentido, a valoración da proximidade do lugar de traballo será de 3, 1 ou 0 puntos en función de se este está situado dentro da área de influencia do centro; nas áreas limítrofes á área de influencia do centro; ou noutras áreas. Na valoración da renda anual da unidade familiar teranse en conta as especificidades que para o seu cálculo se aplican ás familias numerosas. Así, a aquelas que perciban uns ingresos iguais ou inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples outorgaráselles 3 puntos; 2 puntos se teñen ingresos superiores ao indicador público de renda de efectos múltiples e inferiores ao duplo de dito indicador; 1 punto se perciben ingresos superiores do duplo do indicador público de renda de efectos múltiples e inferiores ao triplo de dito indicador; e 0 puntos se teñen ingresos iguais ou superiores ao triplo do indicador público de renda de efectos múltiples.

Ademais, este decreto recolle que por discapacidade no alumno ou alumna outorgarase 3 puntos no proceso de admisión; por discapacidade na nai, pai ou titor



legal, 2 puntos por cada un deles; e por discapacidade nalgún dos ou das irmáns do alumno ou alumna, 1 punto por cada un deles. Por outra banda, por pertencer a familia numerosa, outorgárase 1 punto. No tocante ao expediente académico, para o acceso ás ensinanzas de bacharelato, a nota media de sobresaliente terá a valoración de 1 punto; a de notable, de 0,50 puntos; e a de ben, de 0,25 puntos.

Modificacións sobre a normativa anterior

A normativa que regulaba ata hoxe a admisión de alumnado, isto é, o Decreto 87/1995, do 16 de marzo, establecía como criterios prioritarios a proximidade do domicilio, as rendas anuais da unidade familiar, a existencia de irmáns matriculados no centro, a existencia dalgún tipo de minusvalidez do solicitante e a condición de familia numerosa. Unha das diferenzas da normativa aprobada hoxe no tocante á valoración dos criterios no proceso de admisión con respecto ao decreto do 95 estriba na existencia de irmáns matriculados no centro, que antes sumaba 3 puntos polo primeiro irmán no centro e 1 por cada un dos irmáns seguintes e agora aumenta a 5 puntos polo primeiro e 2 por cada un dos seguintes.

No mesmo sentido, o decreto anterior outorgaba 1 punto pola condición de discapacidade do solicitante, ben que a normativa aprobada hoxe en materia de admisión de alumnos establece un máximo de 3 puntos por discapacidade no alumno ou alumna e recoñece a discapacidade na nai, no pai ou titor legal, así como nalgún dos ou das irmáns do alumno ou alumna. Ademais, este decreto establece como criterios baremables o domicilio laboral e a circunstancia de ter un pai, nai ou titor legal traballando no centro, algo que non recoñecía a anterior normativa.

Así, a puntuación total que obteñan os alumnos e alumnas decidirá a orde de admisión. No caso de empate, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios de desempate: maior puntuación no punto de ter irmáns matriculados no centro; pai, nai ou titor legal traballando no centro; maior puntuación no punto de proximidade do domicilio familiar ou laboral; maior puntuación no punto de discapacidade; maior puntuación no apartado de renda da unidade familiar; e, no caso de bacharelato, maior puntuación no expediente académico.

Reserva de prazas

Para facilitar a escolarización e garantir o dereito á educación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, a Administración educativa galega reservará ata o final do prazo de matrícula un máximo do quince por cento das prazas dos centros públicos e privados concertados. Ademais, de cara a favorecer a incorporación ao sistema educativo do alumnado que, por proceder doutros países ou por calquera outro motivo, se incorporen de forma tardía a este, a consellería poderá autorizar un incremento de ata un dez por cento do número máximo de alumnos ou alumnas por aula nos centros docentes públicos e privados concertados dunha



mesma área de escolarización para atender as necesidades inmediatas que se produzan.

Ademais, este decreto tamén establece os criterios de admisión nos ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional específica, indicando que a Consellería de Educación establecerá unha reserva dun mínimo do dez por cento e un máximo do vinte por cento das prazas de cada ciclo que se imparte nos centros sostidos con fondos públicos para o alumnado con discapacidade; así como unha reserva dun mínimo do vinte por cento e un máximo do trinta por cento das prazas de cada ciclo para o acceso, a través de proba, daquelas persoas que non reúnan os requisitos académicos exixidos con carácter xeral.

O próximo luns, 19 de marzo, publicarase a orde que desenvolve o decreto aprobado hoxe, na cal se establece o prazo de reserva de prazas no centro de adscrición entre o 19 e o 30 de marzo.



TRABALLO INVESTIRÁ UN MILLÓN DE EUROS NO PROGRAMA DE APOIO ÁS INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA

- Os beneficiarios destas axudas, ademais de poder acollerse a unha liña de axudas e subvencións, contarán co apoio e asesoramento de axentes de emprego especializados nestas iniciativas

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, aprobou o decreto polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de base tecnolóxica (IEBT). Esta iniciativa conta cun orzamento de un millón de euros para a súa posta en marcha ao longo de 2007.

A novidade da convocatoria deste ano é a posibilidade de que as empresas inicien a súa actividade unha vez presentada a solicitude de cualificación, o que simplifica e clarifica a tramitación administrativa.

O obxecto deste decreto é impulsar o espírito emprendedor no trinomio investigación, tecnoloxía e emprego, mediante o aproveitamento intensivo e a colaboración coas diferentes estruturas que xa existen, como as tres universidades galegas ou outras entidades vinculadas á innovación, á tecnoloxía, e a iniciativa emprendedora.

Os sistemas de apoio á creación de novas empresas de base tecnolóxica (IEBT) constitúen un elemento clave para o desenvolvemento da comunidade, como motores dinamizadores da sociedade do coñecemento e xeración de emprego cualificado.

Os requisitos para que os proxectos empresariais poidan ser cualificados como iniciativas de emprego de base tecnolóxica son ter viabilidade técnica, económica, financeira e comercial. Tamén que a actividade, produto ou servizo teña carácter innovador contido científico ou base tecnolóxica; que sexa unha empresa privada de nova creación, incluídos os autónomos; e que no momento de iniciar a súa actividade, o seu cadro de persoal estea constituído, como mínimo, nun 25% por titulados universitarios.

Outra das exixencias é que prevexa a creación de emprego estable para persoas desempregadas inscritas como demandantes no Servizo Público de Emprego ao longo do primeiro ano de actividade.

Deste xeito, poderán acollerse a esta liña de axudas as empresas privadas, incluídos os autónomos, sempre e cando inicien a súa actividade empresarial no prazo dun ano desde que o proxecto empresarial foi cualificado como IEBT. En virtude deste decreto, a Consellería de Traballo concederá axudas á creación directa de emprego estable, subvencións financeiras de redución de xuros de préstamos para financiar



investimentos en activo fixo, así como incentivos para a contratación de expertos técnicos de alta cualificación.

O Goberno galego concederá tamén axudas destinadas a sufragar gastos de funcións de xerencias externas, así como subvencións para facilitar o financiamento dos gastos de inicio e posta en marcha da actividade.

Ademais das axudas económicas, os impulsores dunha iniciativa de base tecnolóxica poderán contar con instrumentos de asesoramento técnico e acompañamento inicial, como son os axentes de emprego especializados en IEBT.

Este equipo especializado en IEBT constitúe unha rede de emprego integrada a un grupo coordinado de axentes de emprego coa función de prestar apoio aos promotores destes tipo de iniciativas. A finalidade é facilitar a materialización do seu proxecto innovador en empresa, mediante accións de acompañamento e asesoramento técnico especializado e personalizado durante a fase inicial e os primeiros anos de vida do proxecto.



O PLAN ANUAL DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO 2007 ESTABLECE UN INCREMENTO DO 40% NA PARTIDA ORZAMENTARIA

- O programa, que forma parte do I Plan director de cooperación galega para o desenvolvemento 2006-2009, conta cun orzamento de 9,3 millóns de euros
- Mantéñense como principais obxectivos: mellorar a calidade técnica e operativa do sector; ampliar e ordenar os instrumentos da cooperación galega; procurar sinerxías dos sectores galegos con experiencia de valor para a cooperación e elaborar estratexias para as prioridades da cooperación galega.
- Continuarase con iniciativas nos 17 países prioritarios: 7 en África; 3 no Caribe, 4 en Centroamérica e 3 en América do Sur

O Consello da Xunta deu esta mañá o visto e prace á proposta do Plan anual de cooperación para o desenvolvemento 2007, elaborado pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior. O programa, que forma parte do I Plan director 2006-2009, inclúe un incremento orzamentario do 40% respecto ao exercicio anterior. Esta subida supón que practicamente o 0,1 do orzamento do Goberno galego se dedicará á cooperación internacional. Xunto a este aumento hai que destacar a suba que dedican outros departamentos autonómicos a axudas oficiais ao desenvolvemento.

Do orzamento total, que é de 9,3 millóns de euros, un 67,7% destinarase a convocatorias públicas de axudas dirixidas a proxectos de cooperación no exterior; un 21,8% achegarase ao cofinanciamento de proxectos de cooperación, formación e sensibilización; un 7,5% irá dirixido ao financiamento de proxectos conxuntos coa AECI a través do Plan Operativo Xunta-AECI 2007-2008 e un 3,3% será para actividades de difusión da cooperación galega: páxina web, campaña de comunicación e publicacións, entre outras accións.

O documento aprobado hoxe foi consensuado e aprobado polos tres órganos galegos establecidos na Lei galega de cooperación: a Comisión Interdepartamental de Cooperación ao Desenvolvemento (Cincode), a Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento (Cintercode) e o Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode).

O plan recolle para o presente ano o mantemento das iniciativas postas en marcha o pasado ano, xa que se trata de obxectivos para lograr a longo prazo. Entre estas metas, é preciso subliñar a sensibilización e educación para o desenvolvemento, o fortalecemento do sistema de cooperación galega e tamén o apoio ao comercio xusto, todos eles considerados eidos de especial atención. De feito, no obxectivo de apoio ao comercio xusto, durante o primeiro semestre do ano, dispórase dun informe sobre a súa situación e as súas perspectivas de crecemento en Galicia. Este estudo



permitirá establecer mecanismos que melloren a introdución do comercio xusto na nosa sociedade.

Eixes fundamentais neste exercicio

No 2007 priorizaranse catro dos sete obxectivos do I Plan director: a mellora da calidade técnica e operativa do sector; ampliación e ordenación dos instrumentos da cooperación galega; implicación e procura de sinerxías cos sectores galegos con experiencia de valor para a cooperación e a elaboración de estratexias para as prioridades da cooperación galega.

Para acadar o primeiro obxectivo, desenvolverase un plan anual de avaliacións externas de axuda; potenciaranse cursos e formación integral para mellorar a capacidade operativa e técnica dos actores da cooperación galega e incrementaranse as bolsas de formación nas oficinas técnicas da AECI (Axencia Española de Cooperación Internacional) e en organismos internacionais de cooperación. Ademais está prevista a creación da rede de funcionarios cooperantes galegos.

Co obxectivo de acadar a ampliación e ordenación de instrumentos da cooperación galega, simplificaranse os procedementos burocráticos na xustificación de proxectos, fomentaranse a normalización de procedementos e formularios de solicitudes de subvencións e modificarase o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación.

Para implicar aos sectores galegos que contan con experiencias de valor para a cooperación, avógase pola cooperación directa como ferramenta indispensable. Todo, en consonancia, co establecido no Plan director, no cal se amosa esta fórmula como a máis útil para a transferencia de tecnoloxía e coñecemento. Por iso se formará o persoal e se expatriarán profesionais cualificados en temas concretos. Así mesmo, estudárase a viabilidade e os mecanismos para a creación da Axencia Galega de Cooperación.

Entre os sectores galegos que poden achegar máis valor na transferencia de coñecementos destacan a xestión da saúde, da educación e a xestión integral dos recursos naturais e o ambiente.

Por último, establécese tamén como prioritario destinar un máximo do 70% dos recursos da cooperación aos 17 países considerados prioritarios e a elaboración para cada un deles dun documento de estratexia de intervención. Tal e como quedou recollido no Plan director estes estados son: Perú, Bolivia, Ecuador, en América do Sur; Guatemala, Nicaragua, Honduras e El Salvador, en Centroamérica; Cuba, República Dominicana e Haití, no Caribe e Angola, Cabo Verde, Guinea-Bissau, Mauritania, Mozambique, Namibia e Senegal, en África.



O GOBERNO GALEGO DESTINARÁ NOS PRÓXIMOS DOUS ANOS PRETO DE CATRO MILLÓNS DE EUROS A PROXECTOS DE ONGD DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO NO EXTERIOR

- Financiará ata un máximo do 95% do custo do programa presentado, cun máximo de 160.000 euros por iniciativa
- Os solicitantes deberán estar inscritos no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento; carecer de ánimo de lucro e ter domicilio social ou delegación permanente na comunidade galega

O Executivo galego destinará nos próximos dous anos un total de 3.720.000 euros a subvencionar proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior promovidos por organizacións non gobernamentais de cooperación ao desenvolvemento (ONGD). Da cantidade total, 2.232.000 euros, corresponderán ao ano 2007 e para 2008 está previsto destinar o 1.448.000 restante.

O obxectivo deste paquete de subvencións, aprobado esta mañá polo Consello da Xunta, é regular a concesión de subvencións a través dun procedemento de concorrencia competitiva ás ONGD para axudar á execución dos seus proxectos no exterior. Quedan excluídos destas axudas os programas que teñan como obxecto a axuda humanitaria e os de carácter asistencial que non poidan asegurar a súa viabilidade cando cese o financiamento externo.

Os solicitantes deberán estar inscritos no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento; carecer de ánimo de lucro e ter domicilio social ou delegación permanente na comunidade galega. Estas organizacións poderán presentar un máximo de dous proxectos, que poderán ser tres nos supostos de que algún se presente en agrupación con outras entidades.

Entre os requisitos dos proxectos que poderán optar ás axudas, hai que salientar a imposibilidade de que o proxecto se iniciase antes da data de presentación da solicitude; identificar os socios locais que participen no programa e que as accións non teñan como obxectivo único o financiamento de servizos públicos de saúde, a educación regulada, a investigación oficial e os seminarios e viaxes de estudos. O proxecto debe redundar na ampliación das capacidades e as liberdades das poboacións beneficiarias e ter repercusión práctica e cuantificable na satisfacción das necesidades básicas das persoas máis desfavorecidas nas zonas onde se desenvolvan as actuacións.

As organizacións interesadas deben presentar a súa solicitude no prazo dun mes desde a publicación da convocatoria no DOG e a Administración contará con tres meses para resolver e notificar as resolucións.



Parámetros para as concesións

A Xunta de Galicia poderá financiar ata un 95% do orzamento total do proxecto, sen superar en ningún caso os 160.000 euros. Nos proxectos de varias entidades, a subvención poderá chegar ata os 350.000 euros.

Segundo recolle a orde, serán susceptibles de subvención os custos directos e os indirectos do proxecto. Entre os directos inclúense os derivados da identificación do terreo, así como a compra ou alugamento de inmobles; a súa construción e reforma, compra de equipos, materiais e subministracións; gastos de persoal; servizos técnicos e profesionais; pagamento de electricidade, auga, comunicacións, mantemento ou seguranza, entre outros aspectos. Como custos indirectos recóllense aqueles impropios do funcionamento regular da entidade solicitante, pero que resultan da execución do programa como pode ser a difusión do programa en Galicia.

Os criterios de valoración estarán ordenados segundo as prioridades xeográficas e sectoriais. As xeográficas fan referencia a que sexan accións desenvolvidas nun dos 17 países considerados prioritarios: Honduras, El Salvador, Nicaragua e Guatemala, República Dominicana, Haití, Cuba, Perú, Ecuador, Bolivia, Angola, Cabo Verde, Guínea-Bissau, Mauritania, Mozambique, Namibia e Senegal e os campamentos saharauís.

Como prioridades sectoriais destácanse aquelas que fagan referencia á cobertura de necesidades sociais básicas; infraestrutura e promoción do tecido económico, en especial o de comercio xusto; participación social; investimento no ser humano e protección e mellora do ambiente. Tamén terán prioridade aqueles con maior número de beneficiarios e os que atendan a infancia e a muller.



A XUNTA DESTINARÁ ESTE BIENIO 300.000 EUROS A FORTALECER E CONSOLIDAR AS ORGANIZACIÓNS NON GOBERNAMENTAIS GALEGAS

- Subvencionarase a formación técnica do persoal e os insumos necesarios para poñer en marcha proxectos presentados por agrupacións de entidades
- O Diario Oficial de Galicia publicará proximamente a convocatoria da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores

A Xunta de Galicia destinará en 2007 e 2008 un total de 300.000 euros a financiar subvencións para consolidación e fortalecemento das organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento con domicilio social en Galicia. O Consello da Xunta acordou esta mañá autorizar o gasto que servirá para financiar estas axudas convocadas pola Secretaría Xeral de Relacións Exteriores do Goberno galego que pretenden dar un pulo ao tecido asociativo para o desenvolvemento na nosa comunidade autónoma.

Estas subvencións teñen como finalidade potenciar os axentes de cooperación para crear unha rede solidaria na sociedade galega, así como impulsar e promover a participación social e cidadá nas accións a prol do desenvolvemento. Entre estes axentes, a Lei de cooperación concédelles unha especial relevancia ás ONGD, que se constitúen como interlocutores permanentes da Xunta de Galicia.

O Goberno galego marca como obxectivo que todas as fases do ciclo da cooperación (identificación de proxectos, a súa formulación, a súa xestión e promoción de actividades propias) poidan desenvolverse en Galicia coa máxima garantía e eficacia de calidade.

Por iso, esta convocatoria prevé contribuír á formación técnica do persoal, socios e voluntarios das ONGD´s, mediante o financiamento de seminarios, obradoiros e cursos e os gastos de material didáctico consumible e os honorarios e as axudas de custo do profesorado. Primarase a formación arredor da mellora da xestión das ONGD, sobre os diferentes aspectos técnicos das fases dun proxecto de desenvolvemento e verbo de técnicas de comunicación externa ou de relación con medios de comunicación.

Así mesmo, terase especialmente en conta o deseño e a realización de campañas e actividades de sensibilización, educación para o desenvolvemento, comercio xusto, consumo responsable e incidencia social, e valoraranse especialmente as estratexias que recollan a realización de actuacións no medio rural.

Nesta convocatoria de axudas incluírase un apartado específico para entidades con enderezo social en Galicia. Estas poderán solicitar subvencións para o fortalecemento



das áreas de cooperación e as referidas á comunicación e o comercio xusto, incluíndo tamén o deseño ou contratación externa de campañas de captación de socios e voluntarios e estudos de viabilidade, fortalecemento da organización, mellora de calidade e realización de plans estratéxicos.

Bases da convocatoria

A concesión destas axudas para os anos 2007 e 2008 estará rexida polos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade. Con esta finalidade, establécese nas bases reguladoras destas subvencións que as entidades solicitantes deberán estar inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación ao Desenvolvemento, carecer de ánimo de lucro, ter o seu domicilio social en Galicia, ter xustificadas as axudas recibidas por parte da Xunta para outros proxectos, non estar inhabilitadas para obter axudas e estar ao día das súas obrigas tributarias. Así mesmo, serán financiados preferentemente os proxectos presentados por consorcios de varias ONGD.

A Xunta de Galicia poderá financiar ata un 90% do valor do proxecto presentado. En ningún caso a subvención concedida a proxectos presentados por unha soa organización superará os 25.000 euros para entidades con enderezo social en Galicia e 18.000 euros para aquelas con delegacións permanentes na nosa comunidade. Nos proxectos presentados por varias entidades agrupadas, a cantidade concedida pola Administración galega non superará o límite de 40.000 euros.

As solicitudes deberán dirixirse ao secretario xeral de Relacións Exteriores no prazo dun mes logo da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Fortalecemento das ONGD, prioritario da política de cooperación

O fortalecemento das organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento é unha das prioridades marcadas polo Goberno galego para esta lexislatura e así se recolle na Lei 3/2003, de cooperación para o desenvolvemento, que destaca especialmente, entre outros axentes, as organizacións non gobernamentais, interlocutores permanentes das administracións con accións de cooperación, entre elas, a Xunta de Galicia.

Trátase de potenciar as capacidades dos axentes de cooperación ao desenvolvemento de Galicia para crear unha rede de solidariedade na sociedade galega, así como impulsar e promover a participación social e cidadá nas accións a prol da erradicación da pobreza no mundo. A cooperación internacional levada a cabo pola Xunta de Galicia está a experimentar unha evolución positiva nos últimos anos, tanto no relativo aos medios e instrumentos financeiros como á extensión da cobertura xeográfica que abrangue, prestando unha especial atención á cooperación que se realiza cos países latinoamericanos.



EMIGRACIÓN ASINA UN CONVENIO CON CÁRITAS PARA HABILITAR 64 PRAZAS EN CASAS E PISOS DE ACOLLIDA DIRIXIDAS Á POBOACIÓN INMIGRANTE E RETORNADA EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE

- O departamento autonómico achegará 245.000 euros

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e Cáritas de Santiago para levar a cabo un programa de actuacións conxuntas en materia de atención a emigrantes retornados e inmigrantes que se desenvolverá na Coruña, Santiago, Carballo, O Milladoiro, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa e A Estrada e porá á disposición dos colectivos mencionados un total de 64 prazas en casas e pisos de acollida, así como apartamentos para tres familias. Destas prazas, ata un máximo de 6 poderán ser reservadas por Emigración para o desenvolvemento do Programa para a atención humanitaria e a acollida na Península de inmigrantes procedentes de Canarias, Ceuta e Melilla.

A secretaría achegará dos orzamentos do ano 2007 a cantidade total de 245.000 euros, que se destinarán a sufragar os gastos correntes derivados do mantemento das prazas de acollida e dos custos dos servizos prestados no marco do programa obxecto do convenio.

O convenio, que ten por obxecto o desenvolvemento dun programa integral, incluírá entre as súas actuacións, a provisión de información inicial aos colectivos sobre a súa situación administrativa e trámites para realizar; servizo de aloxamento e manutención durante un período limitado de tempo; apoio económico para as necesidades básicas de medicamentos, roupa, asistencia sanitaria, alimentación infantil e transporte; incorporación dos emigrantes retornados e inmigrantes ás redes sociais e á vida comunitaria; apoio laboral e derivación aos servizos sociais tanto de atención primaria coma de especialistas a aqueles usuarios do programa que o requiran segundo a situación detectada.

A vixencia do convenio esténdese ata o 31 de decembro de 2007 e pode prorrogarse por acordo expreso das partes asinantes.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ PRETO DE 600.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DE SENDAS PEONÍS EN BOIRO E GUITIRIZ

- Ambas actuacións contribuirán a mellorar a seguranza viaria en dous treitos moi transitados por viandantes

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá preto de 600.000 euros na construción de sendas peonís na estrada AC-305 ao seu paso polo concello coruñés de Boiro, e na LU-242, no concello lugués de Guitiriz. Así o acordou hoxe o Consello da Xunta, que autorizou dous convenios de colaboración entre a CPTOPT e os concellos de Boiro e de Guitiriz, respectivamente, para acometer obras que incrementarán a seguranza viaria nas zonas obxecto de actuación.

Boiro

A Consellería de Política Territorial financiará con 367.000 euros a realización de sendas peonís nas marxes da AC-305 desde Ponte Beluso ata A Ponte de Brea e dende Ponte de Brea ata Vilariño. Trátase dunha zona que, debido ao crecemento dos núcleos de poboación ao longo da estrada, se consolidou como travesía, polo que cómpre unha mellora na súa seguranza e unha adaptación das infraestruturas aos seus usos.

A Consellería investirá un total de 367.000 euros na construción desta sendas peonís nos treitos sinalados, o que contribuirá a incrementar a seguranza viaria na zona. Enriba do regato da Ponte Beluso instalarase unha pasarela peonil de madeira tratada e nas zonas urbanas, as sendas peonís substituiranse por beirarrúas. Así mesmo, no caso dos tramos en que a estrada discorra por distinto nivel que as sendas peonís, instalarase unha barreira de seguranza metálica para a contención de vehículos.

O Concello de Boiro encargarse da obtención dos permisos para realizar a obra, así como de poñer á disposición os terreos necesarios. Ademais, unha vez executadas as obras, os treitos da AC-305 A Ponte Beluso-Ponte de Brea e da Ponte Brea-Vilariño serán transferidos ao concello, que asumirá o seu mantemento e a súa conservación.

Guitiriz

Doutra banda, Política Territorial destinará 230.000 euros á construción dun paseo peonil na marxe dereita da estrada LU-242 ao seu paso pola localidade de Parga (no Concello de Guitiriz). Este percorrido, entre os puntos quilométricos 1,205 e 1,809, debido á estreiteza da beirarrúa e á cantidade de peóns que transitan por el, resulta perigoso tanto para os viandantes como para os vehículos, polo que é necesario unha actuación que mellore a súa seguranza viaria.



Deste xeito, Política Territorial acometerá a construción dun paseo peonil e instalará un valado de madeira de 1,5 metros de altura e postes intermedios co fin de protexer os peóns dos vehículos que circulen pola estrada. As obras inclúen a construción de dúas beiravías (unha na parte exterior da estrada e outra na parte exterior do paseo) e novas luminarias.

O Concello de Guitiriz deberá tramitar os permisos e poñer á disposición os terreos necesarios para a realización da obra. Unha vez rematada a actuación, a CPTOPT transferiralle ao concello a titularidade da travesía de Parga, polo que será o Goberno local o encargado do mantemento e conservación deste treito.



POLÍTICA TERRITORIAL MELLORA A ESTRADA AC-240 ENTRE VEDRA E TOURO CUN ORZAMENTO DE PRETO DE 4 MILLÓNS DE EUROS

- A actuación supón ampliar a estrada durante 19 quilómetros entre as poboacións da Ponte Ulla e Fonte Díaz

O Consello da Xunta autorizoulle hoxe á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes o gasto de 3.906.112,75 euros para a mellora da estrada AC-240 no treito Fonte Díaz-A Ponte Ulla, localidades pertencentes aos concellos coruñeses de Vedra e Touro. A actuación consiste na adaptación da estrada ao Plan de baixa intensidade media diaria, o que supón a mellora dos principais elementos da calzada. Así, o investimento da CPTOPT vai destinado principalmente a ampliar a plataforma ao longo de 19 quilómetros ata un máximo de 8 metros, de xeito que poidan quedar sinalizados dous carrís de 3 metros cada un, máis as correspondentes beiravías, que aseguren un cruzamento seguro dos vehículos.

O proxecto de mellora da estrada tamén recolle a sinalización específica dos puntos singulares que poidan ter unha maior estreiteza, así como a sinalización tanto horizontal como vertical de toda a vía. Prestarase especial atención á instalación de elementos reflectantes así como paneis direccionais nas curvas perigosas e barreiras nas zonas que sexa necesario. Esta actuación mellorará a mobilidade e a seguranza viaria principalmente dos concellos de Vedra, Touro, Boqueixón, O Pino e Arzúa.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA ACHEGA MÁIS DE 1,33 MILLÓNS DE EUROS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA TERRAS DE PONTEVEDRA

- A Consellería asinará un convenio de colaboración co Ministerio de Industria, a Mancomunidade Terras de Pontevedra e a Cámara de Comercio de Pontevedra e a “Asociación de Turismo da Comarca de Pontevedra”
- O acordo terá unha duración de catro anos e contará cun orzamento total de 4 millóns de euros

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, o Ministerio de Industria, Turismo y Comercio, a Mancomunidade Terras de Pontevedra, a Asociación de Turismo da Comarca de Pontevedra e a Cámara de Comercio de Pontevedra para o desenvolvemento do plan de dinamización do produto turístico Terras de Pontevedra. O orzamento total do plan –que beneficia os concellos de Pontevedra, Marín, Poio, Ponte Caldelas, Vilaboa, Cotobade, Barro e Campo Lameiro– ascende a 4 millóns de euros, financiados a partes iguais (1.333.334 euros) polo ministerio, a consellería e a mancomunidade.

En virtude deste convenio, que terá unha duración de catro anos, declárase a comarca de Pontevedra como destino piloto para a aplicación dun Plan de dinamización do produto turístico na Mancomunidade Terras de Pontevedra, que se concretará na realización de distintas actuacións cos obxectivos de aumentar a calidade dos servizos turísticos do destino; mellorar o medio urbano e natural dos municipios; ampliar e mellorar os espazos de uso público; aumentar e diversificar a oferta complementaria e pór en valor os recursos turísticos da zona.

Por mor do acordo, Innovación e Industria considerará prioritarios, dentro dos seus programas de actuacións e apoio ao sector, os proxectos turísticos da Mancomunidade Terras de Pontevedra que converxan cos obxectivos do Plan de dinamización. Pola súa banda, o Ministerio asume o mesmo compromiso dentro dos seus programas de actuación e comprométese ademais a implicar outros departamentos da Administración xeral do Estado na adopción de iniciativas e solución de problemas de carácter turístico nos concellos beneficiados polo plan.

Mentres, a Mancomunidade procurará o coñecemento e difusión do plan entre a poboación e os axentes turísticos da zona, velará polo desenvolvemento da súa actividade turística e fomentará a sustentabilidade económica, social e ambiental dos municipios que a integran. E, por último, a Cámara de Comercio de Pontevedra estimulará entre os seus asociados a adopción de iniciativas e proxectos que atendan a modernización e mellora dos establecementos, a elevación da calidade dos servizos, a ampliación da oferta complementaria e, en xeral, a mellora da competitividade. De



igual xeito, participará na diagnose e proposta de actuacións para o cumprimento dos obxectivos do convenio e promoverá actuacións que garantan a continuidade dos impulsos xerados polo plan.



MEDIO RURAL CONTRATA O SERVIZO DE 6 HELICÓPTEROS PARA A PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

A Consellería do Medio Rural iniciou a tramitación do expediente de gasto para a contratación dun servizo de seis helicópteros con destino á prevención e extinción de incendios forestais durante tres anos, por un importe de 8.611.200 euros, segundo acordou o Consello da Xunta.

Con esta contratación, preténdense organizar os traballos de prevención e extinción de incendios forestais, que requiren da utilización de helicópteros, en coordinación con outros medios aéreos ou terrestres empregados tanto para as misións de transporte de persoal e equipos ata as proximidades dos incendios, coma para a propia extinción mediante lanzamento de auga, con ou sen retardantes de espuma.

O orzamento do contrato está distribuído en tres anualidades, correspondentes a 2.152.800 euros en 2007, 4.305.600 en 2008 e 2.152.800 en 2009. Para a súa adxudicación, valoraranse as propostas que introduzan melloras no servizo como aumento de horas totais sobre o mínimo exixido, meses de prestación de servizo, prezo da hora extra, potencia e antigüidade das aeronaves, lugares de revisión e abastecementos de combustible, horas de experiencia de voo das tripulacións, certificación técnica do persoal de voo e de terra, capacidade dos depósitos de combustible e do camión cisterna, número de extintores e coñecementos do persoal de terra, entre outros aspectos.

A empresa adxudicataria deberá garantir a observancia da normativa vixente sobre contratación laboral, Seguridade Social e prevención de riscos laborais, sendo responsable ante a Consellería do Medio Rural e ante terceiros de calquera anomalía ou deficiencia que puidese producirse neste sentido.

Nas bases de destino das aeronaves instalaranse medios auxiliares de operacións aéreas necesarios para o correcto funcionamento da base, como mangas indicadoras de forza e dirección do vento, sinalizacións, depósitos de combustible, extintores e xeradores de enerxía. Tamén se dotará cada base dun dispositivo auxiliar de enerxía e dun sistema auxiliar móbil de repostaxe. Así mesmo, poranse as instalacións e medios necesarios para garantir o descanso e comodidade do persoal destinado.

A XUNTA DESTINA 813.700 EUROS A MELLORAR A COMERCIALIZACIÓN DOS PRODUTOS CON DENOMINACIÓN DE CALIDADE AGROALIMENTARIA

A Consellería do Medio Rural acordou a concesión de axudas destinadas aos 16 consellos reguladores das denominacións de calidade agroalimentaria recoñecidas en Galicia co obxectivo de promover os produtos amparados polas indicacións xeográficas protexidas e denominacións de orixe. A contía e repartición desta achega económica de 813.700 euros foi aprobada polo Consello da Xunta.

O pagamento destas axudas realizarase en dúas fases correspondentes ao 20% e 80% do importe. Estas axudas serán aboadas no momento en que os beneficiarios xustifiquen os libramentos anteriores.

A Consellería do Medio Rural entende que a defensa e a promoción daqueles produtos agroalimentarios con características diferenciadoras pola súa orixe xeográfica e calidade resulta positiva para o desenvolvemento rural, e, especialmente para as zonas menos favorecidas, ao contribuír a asegurar a renda dos agricultores e gandeiros, así como á fixación da poboación rural nesas zonas.

A distribución das axudas realizarase de acordo co exposto no seguinte cadro:

C.R.D.O. RIBEIRO	54.500 Euros
C.R.D.O. VALDEORRAS	57.500 Euros
C.R.D.O. RÍAS BAIXAS	54.500 Euros
C.R.D.O. MONTERREI	57.500 Euros
C.R.D.O. RIBEIRA SACRA	57.500 Euros
C.R. das D.X. das augardentes e licores tradicionais de Galicia	57.500 Euros
C.R.I.X.P. TERNERA GALLEGA	54.500 Euros
C.R.I.X.P. LACÓN GALLEGO	57.500 Euros
C.R.I.X.P. PATACA DE GALICIA	57.500 Euros
C.R.I.X.P. MEL DE GALICIA	57.500 Euros
C.R.I.X.P. PAN DE CEA	25.350 Euros
C.R.D.O.P. QUEIXO TETILLA	54.500 Euros
C.R.D.O. ARZÚA-ULLOA	54.500 Euros
C.R.D.O. QUEIXO CEBREIRO	22.350 Euros
C.R.D.O. QUEIXO SAN SIMÓN DA COSTA	36.500 Euros
C.R. AGRICULTURA ECOLOXICA DE GALICIA	54.500 Euros



MEDIO AMBIENTE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO COLABORARÁN NO DESENVOLVEMENTO DUN BANCO DE XERMOPLASMA PARA A CONSERVACIÓN E PRESERVACIÓN DA FLORA AMEAZADA DE GALICIA

- O convenio ten por obxecto a identificación, recolección, preparación, documentación e conservación da flora ameazada e singular existente na comunidade

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Universidade de Santiago de Compostela asinarán en breve un convenio de colaboración para o desenvolvemento dun banco de xermoplasma para a conservación da biodiversidade vexetal. Denomínase como tal a conservación a medio e longo prazo de plantas e a súa posterior utilización, no caso de necesidade, para programas de reintrodución, reforzamento das poboacións ou restauración dos hábitats alterados ou arrasados. O acordo tamén prevé a extensión destes traballos a aquelas especies que pola súa singularidade ou presenza específica no territorio galego así se determine.

O departamento autonómico achegará 44.000 euros, entre este ano e o vindeiro (a razón de 22.000 euros por exercicio), para a realización dos traballos, dos que se ocupará un equipo da universidade dirixido polo profesor Jesús Izco Sevillano, catedrático de botánica. Este equipo emitirá informes periódicos á consellería, que disporá dun 25% do material colectado para, se fora necesario, o seu emprego en plans de recuperación; mentres que o 75% será utilizado pola universidade en programas de investigación e conservación da biodiversidade.

As investigacións terán como base o banco de xermoplasma co cal conta a Universidade de Santiago desde hai anos, situado no Laboratorio de Botánica da Facultade de Farmacia e que posúe un equipamento completo, incluídas dúas cámaras especificamente deseñadas para isto, co correspondente equipamento de frío.



A CONSELLERÍA DE TRABALLO DESTINA 330.000 EUROS PARA O FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DAS ASOCIACIÓNS DE COOPERATIVAS

- O Goberno galego establece unha liña de axudas para os gastos normais de funcionamento e para a posta en marcha de actividades de promoción do cooperativismo

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a orde pola que se establecen e convocan as axudas para o fomento e a consolidación das asociacións de cooperativas. Deste xeito, a Consellería de Traballo subvencionará parcialmente os seus gastos normais de funcionamento e a realización de actividades de promoción do cooperativismo durante o ano 2007. O orzamento destinado a estas accións de promoción é de 330.000 euros. Os beneficiarios destas subvencións poderán ser as asociacións de cooperativas con actividade acreditada e que se atopen inscritas no Rexistro Xeral de Cooperativas de Galicia, dependente da Consellería de Traballo.

A materialización destas axudas realizarase a través dun convenio de colaboración asinado entre a consellería e as entidades beneficiarias. Segundo se recolle na orde, e en concepto de anticipo, poderase facer efectivo ata o 50% do total da contía da subvención, unha vez acreditada a súa aceptación coa subscripción do convenio.

A través desta orde regúlanse dous tipos de axudas: por unha banda, subvencións para os gastos normais de funcionamento, como o mantemento da páxina web da asociación, e as cotas asociativas a entidades de intercooperación de ámbito superior á comunidade. Por outro lado, serán subvencionables conceptos como gastos de representación e participación en congresos, seminarios ou xornadas. Os criterios de avaliación que decidirán a concesión e contía das axudas serán a representatividade da asociación solicitante e os niveis de actividade que desenvolvan.

A segunda liña de axuda é a destinada a sufragar os custos derivados da organización de actividades de promoción do cooperativismo como cursos, xornadas, conferencias ou simposios; a elaboración, publicación e difusión de estudos, informes ou traballos de investigación, así como calquera outra acción promocional que fomente a cultura e o movemento cooperativo. A contía subvencionada non poderá superar o 80% dos gastos para a realización de actividades.

Neste caso terase en conta, por orde de importancia, a adecuación aos obxectivos e liñas de actuación do plan estratéxico para o cooperativismo, as propostas innovadoras ou aquelas que, pola súa singularidade, acheguen novos enfoques e perspectivas ao cooperativismo ou á súa promoción e, por último, a solvencia da entidade solicitante para levar a cabo a actividade, acreditada mediante unha memoria.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE XINZO DE LIMIA

- O proxecto ten por obxecto a ordenación dun ámbito de 695.860 m²
- A Consellería de Vivenda e Solo está levando a cabo as obras de urbanización da 4ª fase, cunha superficie de 77.112 m² e un investimento de 1,8 millóns de euros

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto sectorial do parque empresarial de Xinzo de Limia, que ten por obxecto a ordenación dun ámbito de 695.860 metros cadrados para dotar o concello dunha nova superficie de solo urbanizado de uso empresarial.

Ademais, o Consello da Xunta declarou a utilidade pública e interese social das obras, instalacións e servizos previstos, así como a necesidade de expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución do proxecto sectorial.

Na actualidade, a Consellería de Vivenda e Solo está levando a cabo as obras de urbanización da 4ª fase do actual parque empresarial de Xinzo de Limia, sobre unha superficie de 77.112 metros cadrados e un investimento de 1,8 millóns de euros.

Nese sentido, a aprobación hoxe do proxecto sectorial por parte do Consello da Xunta permitirá o desenvolvemento dunha nova superficie de solo produtivo, que ampliará os 297.061 metros cadrados con que contará o parque empresarial de Xinzo de Limia tras o remate das obras de urbanización da 4ª fase que xa están en marcha.